

# O decaer do espírito galego nos terceiros Xogos Florais de Betanzos

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL\*

Sumario

O decaer do espírito galego nos terceiros Xogos Florais de Betanzos

Abstract

The decline of galego spirit in Betanzos third poetry competition

Os certames literarios anuais que tiveron a súa orixe na cidade de Toulouse no ano 1324 para estimular principalmente o cultivo da poesía provenzal alcanzaron unha pronta repercusión en Cataluña onde Juan I de Aragón instituíu os primeiros Xogos florais de Barcelona en 1393. Estes certames celebraríanse ata o século XVI, deixando de convocarse a partir de aquí ata que, polo impulso da Renaixença, foron restaurados no ano 1859, nun ambiente propicio para a propagación das ideas rexionalistas defensoras das culturas propias. A súa celebración estendeuse a outras localidades de Cataluña e a outras nacionalidades como Galicia, onde don José Pascual López Cortón promoveu os primeiros Xogos Florais, que se celebraron na Coruña en 1861. Posteriormente celebráronse en Santiago de Compostela, en Pontevedra e, exclusivamente en galego na cidade de Tui en 1891, converténdose nunha plataforma creadora de modelos poéticos que primaba o amor á terra, á lingua galega e ás tradicións.

Betanzos non foi a primeira pero tampouco a última cidade en organizar estes certames literarios e así, vintecinco anos despois dos primeiros celebrados en Galicia, o periódico local *Las Mariñas*<sup>1</sup>, baixo o lema *Patria, fides, amor*, e coa finalidade de axudar ao florecemento das letras galegas, convoca os primeiros Xogos Florais que se celebraron nesta cidade no ano 1886.

Os segundos, promovidos tamén polo mesmo periódico e coa mesma finalidade, teñen lugar no seguinte ano de 1887. Para presidir o primeiro certame solicitouse a presenza de dona Emilia Pardo Bazán, mais o escaso tempo entre a recepción da invitación e a celebración do acto impediu a súa aceptación, exercendo a presidencia Daniel Suárez, que formaba o xurado con Antonio de la Iglesia, José María Montes, Hipólito Caramés e Manuel Martínez, actuando como secretario Salvador Golpe. Os promotores, considerando que era moi necesario crear modelos de lingua literaria, sobrados en castelán pero escasos na literatura galega, fan constar nas bases que, en igualdade de condicións, deberían preferirse os traballos escritos na lingua galega, traballos que, lidos no acto de celebración, foron,

---

\* Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Lingua e Literatura Galega do Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

<sup>1</sup> O semanario *Las Mariñas*, «Periódico de intereses generales» (1883-1898), dirixido por Hipólido Codesido, e posteriormente por Juan Gómez Navaza, publicábase en Bergondo e caracterizábase polas loitas entre os diferentes sectores da burguesía local.

segundo a prensa, os máis eloxiados polo público asistente. As modalidades de premios eran oito, sete delas podían presentarse en galego ou en castelán e a última, a modalidade VIII a unha poesía dedicada á muller, tería que estar escrita obrigatoriamente en galego. O Premio de honor ou Flor natural adxudicouse ao poema de Enrique Labarta Pose, “¡Probe Jan!, probe Janiño! probe gaiteiro de Bayo!”. Os tres premios que se concederon foron para composicións en lingua galega, a de Labarta Pose, a lenda en verso da Virxe da modalidade IV, “O puzo do Lago” de Eladio Rodríguez González, e a composición humorística “¿Convén o baile?” de Rogelio Cibeira. Dos cinco accésits, catro foron para composicións escritas en castelán e un para unha composición en galego. Incidindo na necesidade da utilización do galego, o secretario, Salvador Golpe, na *Memoria* do certame fai unha chamada aos participantes en futuros concursos para que usen o “dulcísimo idioma”.

O xurado dos Xogos Florais de 1887 estaba constituído por Segundo Moreno Barcia como presidente; Manuel Marcos Santos como secretario, Darío García, José María Montes e Manuel Martínez, estes dous últimos, ante a imposibilidade de asistir ao acto, foron substituídos polo poeta Fernando García Acuña e por Hipólito Codesido. As modalidades das composicións eran máis que as do ano anterior, incrementándose a quince cos seus correspondentes premios. A lingua galega era a preferida, e obrigatoria para o Premio de honor, que obtería Eladio Rodríguez González pola composición poética “Os horfos da emigración”; obrigatoria tamén para a mellor novela de costumes (modalidade IV), para a modalidade de fábula ascética (VI), para a modalidade de lenda (VIII), e para a mellor composición que censurase a moda (modalidade XII). As modalidades XIV e XV para a mellor composición que describise unha romería galega e para a mellor composición poética dedicada a Betanzos, podían estar escritas en galego ou en castelán. Só no caso das modalidades de Memorias que tratasen da historia de Betanzos, non se determina a lingua. Nomes importantes no panorama cultural galego como Francisco María de la Iglesia<sup>2</sup>, Heraclio Pérez Placer<sup>3</sup>, Andrés Martínez Salazar<sup>4</sup>, Manuel Amor Meilán<sup>5</sup> e Enrique Labarta Pose<sup>6</sup>, participaron nestes segundos Xogos florais, conseguindo tres deles varios premios: Labarta Pose, dous; Manuel Amor Meilán, catro e Eladio Rodríguez González, catro.

O día 3 de marzo de 1901 o periódico local *El Progreso*<sup>7</sup>, dirixido por Mariano Tudó Montero, convocaba os terceiros Xogos Florais coa seguridade de que constituirían o acto máis importante das festas e que serían de grande interese para as letras galegas e para Betanzos. O Certame organizado polo citado periódico local estaba programado para as festas de San Roque, mais tivo que aprazarse por falta de apoio á Xunta Xestora,

<sup>2</sup> Francisco María de la Iglesia obtivo o accésit ao Premio de honor pola composición titulada “O Ciclón”.

<sup>3</sup> Accésit ao tema IV pola novela de costumes *Predicción*.

<sup>4</sup> Premio ao tema V pola memoria histórica das fundacións a favor das clases pobres que existiron en Betanzos.

<sup>5</sup> Premio ao tema IV pola novela de costumes *Os fillos da praya*. Amor Meilán conseguiu tamén un primeiro accésit pola composición en castelán “Una romería en Galicia” (tema XIV), un primeiro accésit pola composición titulada “O alalaa” (tema VIII) e accésit para a memoria das mulleres célebres de Galicia (tema XI).

<sup>6</sup> Premio na modalidade XII, á mellor composición censurando a moda e titulada “Os caprichos da moda”. Labarta Pose obtivo tamén un segundo accésit pola descrición dunha romería galega (tema XIV)

<sup>7</sup> *El Progreso*, co subtítulo inicial de “Semnario independente”, aparece o 4 de novembro de 1900 e desaparece no ano seguinte.

constituída nun primeiro momento por Benigno García Neira como presidente, Francisco Sánchez Díaz como vicepresidente, Mariano Tudó Montero como secretario, Antonio Fernández Ríos como vicepresidente e os vocais Juan Ponte Blanco, Leoncio López e Claudino Pita, e máis tarde, coa redución dos membros a tres, por Benigno García Neira, Juan Ponte Blanco e Antonio Fernández Rivas, celebrándose o 29 de setembro. A redacción do periódico *El Pueblo*, partidaria de que dona Emilia Pardo Bazán presidise o certame, manifesta o desexo de que os membros do xurado sexan de Betanzos onde, segundo a propia redacción, sobran persoas de talento, ou que, polo menos, persoas destacadas da cidade axuden ao xurado<sup>8</sup> nas súas decisións. O desexo da redacción non se cumpriu, a pesar de que as bases asinadas o 29 de Xuño de 1901 establecían que o tribunal estaría formado por “Un Jurado de ilustrados y notables caballeros de esta localidad”. Só o mantedor, Salvador Golpe Varela, era orixinario da terra das Mariñas; os restantes membros pertencían á elite do galeguismo, figurando don Manuel Murguía como presidente, Francisco Tettamanci como secretario e como vocais Andrés Martínez Salazar e Salvador Golpe. O acto de entrega de premios, celebrado nos salóns da sociedade *Liceo Recreativo*, ao non poder asistir Murguía, estivo presidido por Martínez Salazar, estando presentes tamén Galo Salinas, Eugenio Carré, Manuel Lugrís e Eladio Rodríguez González.

As bases do Certame publicáronse co título de *Juegos Florales de Betanzos en 1901. Organizados por la Redacción del periódico de la localidad titulado: El Progreso* nun folleto que realizou a Imprenta de M. Roel da Coruña. Nelas, Juan Ponte Blanco fai unha presentación chea de xeneralidades respecto da cultura nos séculos pasados e, en canto ao recente século XIX, non considera que se caracterizase por avances significativos; parece que o autor non participa do fervor rexionalista, defensor da lingua e dos intereses propios, que constituía a base da organización dos primeiros Xogos Florais. Aínda máis, Ponte Blanco, nin tan sequera menciona a lingua propia, e, con respecto a Galicia, fai unha leve referencia á pouca fortuna desta “región” que considera falta de progreso:

*“Los individuos que constituyen la Comisión organizadora del Certamen literario, dispuesto para el próximo Agosto, dedicaron todos sus esfuerzos y desvelos a la realización de esta noble lucha del talento, entendiendo que su fruto será de provechosas consecuencias para la vida futura de esta tan querida como poco afortunada región galaica; y convencidos además de la necesidad en que todos estamos de llevar nuestro grano á la obra común del progreso, del cual es parte esencialísima y base sustancial la Literatura en todas sus distintas y numerosas manifestaciones”.*

Por esta declaración pódese deducir que poucos foron os esforzos da Comisión organizadora, defensora da literatura en xeral, para que a lingua galega fose a principal nas obras presentadas. O autor remóntase aos gregos para falar da orixe dos Xogos Florais e esquece a importancia que tivo a súa recuperación no século XIX para o cultivo das literaturas propias nas linguas autóctonas, e resulta particularmente grave o esquecemento do caso galego; con outra idea diferente, criticando os vicios dos máis recentes, defende a volta aos Xogos Florais presididos polo espírito dos antigos (gregos), como “enérgico reactivo del pensamiento humano” e “saludable rebulsivo de las ideas”. A crítica, parece

<sup>8</sup> *El Pueblo*, 15 de agosto de 1901.

ir dirixida contra o espírito rexionalista que os animaba e o cambio que propón vai na dirección de potenciar a literatura e o pensamento en xeral: *No negaremos que el pernicioso uso que de ellos (Juegos Florales) se hizo, atacó lastimosamente su laudable eficacia, y menoscabó sus prestigios; sin embargo, no se corrige un defecto abandonándonos a sus influencias; por el contrario, los Certámenes literarios deben resucitar con todos los entusiasmos de otros tiempos, depurarlos de vicios y elevar su categoría a los radiantes esplendores de la ciencia, la filosofía y las artes.*

Despois da presentación aparece o programa e as bases do Certame. As modalidades son quince e, de acordo coas ideas expostas na presentación, o Premio de honor sería para o mellor soneto en castelán co título de “Caridad”. A mención á lingua galega é escasa e só aparece como obrigatoria na modalidade cuarta, para a mellor composición en verso, “en nuestro dialecto”, do xénero humorístico, titulada “A fuliada”. Para o tema nove, mellor poesía de asunto libre, establécese a liberdade de usar o galego ou o castelán, o mesmo que na modalidade catorce, unha cuartilla en galego ou en castelán, para mellorar os cultivos da comarca. Curiosamente, na modalidade quinta, traballo para fomentar o desenvolvemento da “Literatura de Galicia”, non se determina a lingua, polo que se entende que a organización non estaba pensando na literatura en galego. As bases, fixando o uso da lingua galega só para un xénero humorístico e popular, confirman o escaso sentimento galeguista dos organizadores.

A idea duns Xogos Florais diferentes aos dous primeiros está clara, e o xeito de reconducir este cambio a través dun xurado de persoas de Betanzos tamén, todo ía na dirección dunha falsa “universalidade” baixo unha tutela local. Por isto resulta contradictoria a formación posterior dun xurado constituído pola elite galeguista, e a chamada, á última hora, a Salvador Golpe para que actuase como mantedor.

Salvador Golpe, no seu discurso “Regionalismo y lenguaje”<sup>9</sup>, xunto coa defensa do pensamento rexionalista, fai unha breve historia dos Xogos Florais onde afirma que naceran co rexurdir rexionalista para promover o uso das linguas propias; a propósito desta defensa cita o fragmento do discurso de Cánovas del Castillo na sesión organizada pola Sociedad Ibero Americana, no salón do Conservatorio de Madrid, o 20 de decembro de 1886, presidida por don Segismundo Moret: *La lengua, y sobre todo la sintaxis de la lengua, es la expresión más acabada de toda raza y de todo pueblo... En la lengua van envueltos todos los sentimientos morales, va envuelto todo lo espiritual; la lengua es el alma exteriorizada.* O discurso, cheo de patriotismo, remataba coa aclaración, que cadra ben nesta ocasión, de que o lema *Patria, Fides, Amor* non ten nada de subversivo ou perigoso para a sociedade senón que consagra os sentimentos máis relixiosos que pode encerrar o corazón humano: a Patria que ampara e protexe a nosa vida; a fe que manifesta como elevar os ollos ao ceo e o amor que é a suprema aspiración na terra.

A pesar desta defensa idiomática, a lingua das composicións premiadas, en concordancia coas bases, é maioritariamente o castelán; o premio á poesía festiva en galego recae na composición “A fuliada” de Cesáreo López Pinal do Carballiño; dous dos autores premiados son de fóra de Galicia, un de Madrid e outro de Victoria; de Betanzos ou moi relacionados coa cidade son tres dos autores premiados, os tres con traballos en

<sup>9</sup> O discurso foi publicado por Salvador Golpe co título de *Regionalismo y lenguaje*. Discurso leído en los Juegos Florales de Betanzos en 29 de septiembre de 1901, pola Escuela tipográfica de la Casa de Misericordia de Coruña, en 1902.

castelán: Hipólito Codesido, José Alguero Penedo e Ramón Sanjurjo Ossorio.

Os certames de Toulouse, nados para promover o cultivo da poesía provenzal víronse forzados a admitir moi pronto composicións na lingua francesa. As bases dos Xogos Florais da Coruña determinaban que, a excepción da poesía «A Galicia», escrita obrigatoriamente en galego, o idioma utilizado podía ser o galego ou o castelán, o que provocou que a súa contribución á normalización da literatura galega fose escasa. Os dous primeiros certames de Betanzos supoñen un avance enorme na potenciación do uso do galego ata tal punto que faltou moi pouco para gañarlle o posto á cidade de Tui, na consideración dos primeiros celebrados enteiramente en galego<sup>10</sup>.

Os terceiros Xogos Florais de Betanzos son a constatación do decaer do espírito galeguista provocado polos grupos culturais dominantes da localidade, e só compensado en parte pola presenza final de importantes galeguistas no xurado.

A excepción do Certame de Lugo, e a pesar da chamada dos rexionalistas en diversas publicacións<sup>11</sup> para volver aos Xogos Florais depurados dos vicios de premiar aos ramplóns e aos da casa, fuxindo das recomendacións e cumprindo a finalidade principal da defensa da lingua propia, os certames que se celebraron no mesmo ano en Galicia tiñan tamén como lingua maioritaria o castelán, o que confirma que as presións destes grupos conseguían debilitar os resultados dos esforzos enormes de rexionalistas como Salvador Golpe, autor da obra máis sonada e importante do certame, o discurso sobre a Patria e o Regionalismo<sup>12</sup>. Os Xogos Florais decaeron pronto, quizais por carecer dunha asociación que velase por eles, e, ademais de perder nivel, como constata Emilia Pardo Bazán nestas palabras: “*El entusiasmo (despois dos Primeiros Xogos Florais de 1861) se extinguió sin dejar huellas ni rastros y la lid cortés, pero gloriosa de los vates tolosanos degeneró convirtiéndose en los insulsos certámenes hoy accesorio obligado de todo festejo público*”, o máis grave é que non tiveron xa importancia para a literatura galega ficando convertidos en festivais convocados, a maior parte das veces, para safsifacer vaidades localistas.

10 Nestes Xogos Florais, celebrados en 1891, figuraba como mantedor Murguía quen pronunciou un entusiasmado discurso en galego.

11 Cfr. *Revista Gallega*, a Coruña, ano 1900.

12 Otero Pedraio destaca o discurso de Salvador Golpe no Certame de 1901 na introducción que fai á obra *Xogos Florais do idioma galego en Buenos Aires*, Editorial Nós, Buenos Aires, 1968.

# JUEGOS FLORALES

DE  
BETANZOS

N 1901

Organizados por la Redacción del periódico de la localidad titulado:

***“El Progreso”***



CORUÑA  
Imp. y Lit. de M. Roel.  
1901